

Webs encantadas

Pavillón de repouso (blog)



PAVILLÓN DE REPOUSO

Blog de **Pablo Vaamonde**, colaborador de GE.

PABLO VAAMONDE

Nado na Baña en 1956. É médico de familia no Centro de Saúde de Labañou (A Coruña). Foi fundador e director da revista médica *Cadernos de Atención Primaria* (1994-2005), presidente da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria (AGAMFEC) de 1996 a 2005 e vicepresidente do Colexio Oficial de Médicos de A Coruña e responsable do Programa de Formación Continuada de 1998 a 2005. Foi director xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas entre 2005 e 2006. Tamén foi membro da Comisión Sectorial de Sanidade que elaborou o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, colaborador habitual dos medios e autor de tres libros de narrativa: *O fillo do emigrante* (2002), *O mes de abril* (2004), *Luz Divina e outros retratos* (2006). Recibiu o Premio Lois Peña Novo en 2005, polo seu compromiso na promoción e defensa da lingua de Galicia e é colexiado de Honra con Emblema de Prata (2007) do Colexio Oficial de Médicos da provincia de A Coruña.

